




ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DOCE PRAZAS DE PEÓNS DE LIMPEZAS DE PRAIAS CAMPAÑA DE VERÁN 2017.

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 29 de xuño de 2017, reúnese o tribunal designado para a selección das prazas, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogais: Manuel José Abeijón Blanco.
- Secretario: Roque Torres Moreira.



O obxecto da sesión é proceder á valoración da reclamación presentada por D. José Antonio Segade Pouso (RE nº 4192 do 26/06/2017).

ACORDA:

Único.- Desestimar a reclamación presentada por D. José Antonio Segade Pouso polos motivos que a continuación se detallan:

- 1) Por Decreto de Alcaldía núm. 349/2017, do 2 de xuño, aprobáronse as bases de selección de persoal laboral temporal: doce (12) peóns de limpeza de praias para a campaña de verán de 2017, que no seu apartado 8º recolle “O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto”.
- 2) Por Decreto de Alcaldía núm. 384/2017, do 20 de xuño, aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, que no seu apartado cuarto, recolle: “Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do caso práctico das doce prazas de peóns de limpeza de praias, para o día 22 de xuño de 2017, as 9:00 horas na Casa de Cultura de Porto do Son. **Os aspirantes deberán acudir con documento que acredite a súa personalidade** e bolígrafo. Seguidamente publicáronse as puntuacións obtidas polos aspirantes e a convocatoria para a realización da entrevista curricular e a proba de coñecemento de lingua galega, que se realizará no mesmo día”, o aspirante D. José Antonio Segade Pouso, presentouse a realización do caso práctico das probas selectivas sen portar documento oficial acreditativo da súa identidade. Dito aspirante, tamén se presentou no mesmo día, ás 10:00 horas, a selección de capataz de limpeza de praias, e nese proceso acudiu con documento oficial que acredita a súa personalidade.